

A RELACIÓN INTERLINGUA-TRANSFERENCIA

María Rosa Alonso Alonso
Universidade de Santiago
de Compostela

1. INTRODUCCIÓN

As orixes da preocupación polo papel que desenvolve a lingua materna na aprendizaxe da segunda lingua atópanse nos estudos da análise contrastiva, nos que a lingua nativa se consideraba a culpable da maior parte dos erros que o aprendiz facía na L2. A L1 interfería no desenvolvemento da aprendizaxe, aquelas áreas nas que ámbalas linguas diferisen eran as máis susceptibles de recibir a influencia negativa. Co paso do tempo, esta hipótese foi perdendo terreo xa que nin tódolos erros na L2 se podían atribuír á lingua materna, nin a distancia entre dúas linguas aseguraba unha aprendizaxe máis independente da L2.

A análise de erros devolveu a dignidade ó erro en si mesmo; este xa non se consideraba un aspecto negativo do que fuxir ou avergoñarse, senón un elemento necesario no proceso de aprendizaxe co que o estudante construía hipóteses que paulatinamente ía rexeitando ata chegar á forma correcta. Dende a perspectiva desta corrente, a transferencia posuía moi pouca impor-

tancia xa que a lingua materna, moi en contra do que propugnaba a análise contrastiva, non desempeñaba un gran papel no proceso de aprendizaxe.

Coa hipótese da construción creativa defendida por Dulay e Burt (1974, 1982) a transferencia pasaba ó total anonimato. A L2 obtiña neste marco a independencia da lingua materna. Ambas considéranse procesos á parte que discorren por camiños diferentes. Estamos pois ante a antítese da análise contrastiva.

Posteriormente, a transferencia atopa de novo un lugar na aprendizaxe da segunda lingua: non é o primeiro plano da análise contrastiva, nin o papel secundario da análise de erros, nin a falta de repartición da construción creativa; convértese nun dos aspectos que, xunto con outros, conforman a estrutura da interlingua. Chegamos desta maneira ó noso punto de destino: a interlingua.

2. A HIPÓTESE DA INTERLINGUA

Esta hipótese débelle un gran favor ás correntes que a precederon; sen a súa preocupación por dar unha explicación ó proceso de adquisición dunha segunda lingua, nunca se daría chegado á interlingua. Tanto a análise contrastiva coma a análise de erros proporcionaron os alicerces sobre os que desenvolvea.

De feito, nos estudos de Corder (1981) atópase o termo ‘competencia transicional’ e nos de Nemser (1971) o de ‘sistemas aproximativos’, o que demostra con toda claridade que o interese por un sistema lingüístico diferente tanto da L1 como da L2 xa aparecía nestes autores, aínda que non alcanzou a súa madureza ata chegar á interlingua. A definición de Corder implica a consideración dunha natureza de transición nas linguas, ignorando desta maneira o fenómeno da fosilización, mentres que Nemser lle atribúe un carácter direccional, aproximativo polo tanto cara á norma da L2. Sen embargo, o que Nemser considera unha aproximación é en realidade o uso de identificacións interlingüísticas que controlan de maneira indirecta o proceso de aprendizaxe utilizando estratexias de elusión; isto crea o efecto ilusorio de que o aprendiz se aproxima ás normas da L2.

Antes de adentrámonos no estudo dos supostos e principios, a fosilización e o papel da transferencia na interlingua, sería apropiado facer unha

parada para ocuparnos da súa definición: “the systematic knowledge of an L2 which is independent of both these learner’s L1 and the target language” (Ellis, 1994:710).

Este termo, proposto por Selinker en 1972, tiña en principio como propósito a identificación de procesos psicolingüísticos –dentro dos que se atopaba a transferencia– que explicasen o fenómeno da fosilización e as identificacións interlingüísticas. Actualmente defínese como o sistema lingüístico diferente tanto da L1 como da L2 pero relacionado con ambas a través da percepción do aprendiz, que se manifesta de forma evidente cando este intenta expresarse na L2.

2.1 SUPOSTOS

Esta hipótese é característica dos adultos, é dicir, dos aprendices que non usan o ‘Mecanismo de Adquisición Lingüística’. Este consiste na estrutura lingüística innata que se utiliza como ferramenta na adquisición da lingua nativa. Os nenos poden utilizar este mecanismo, pero os adultos xa non. En opinión de Selinker (1972), os adultos empregan no seu lugar unha estrutura psicolóxica latente que está constituída por cinco procesos:

1) Transferencia da lingua materna.

Podemos afirmar que existe transferencia da L1 cando na interlingua aparecen elementos fosilizados, regras e subsistemas que corresponden á lingua materna. A clave parece atoparse

nas identificacións interlingüísticas, un concepto que xa estaba presente en Weinreich (1967) e que ocorre cando os aprendices perciben certos elementos como idénticos na L1, na L2 e na interlingua.

2) Sobrexeneralización das normas da lingua meta.

O aprendiz utiliza normas en contextos onde cre que se poden aplicar, cando en realidade non é así.

3) Transferencia de formación.

Prodúcese cando o estudante a recibe a través do proceso de ensino, é dicir, do propio profesor ou do material didáctico utilizado.

4) Estratexias de comunicación.

Consisten nos medios dos que o aprendiz bota man co fin de resolver

problemas de comunicación. Unha vez que as súas necesidades comunicativas están cubertas, o aprendiz fosiliza a aprendizaxe.

5) Estratexias de aprendizaxe.

As estratexias de memorización, comparación, etc., conforman este grupo. Son enfoques por parte do alumno cara ó material que vai estudar.

2.2 PRINCIPIOS

Cando os aprendices tentan expresarse na L2 usan unha serie de principios que caracterizan a interlingua. Os máis importantes son os que se describen a continuación:

1) Sobreúso de estruturas: certas estruturas tenden a utilizarse en contextos onde non son aplicables e



Nesta miniatura medieval móstrase a escola de tradutores que se creou en Toledo. Un dos seus primeiros traballos foi traducir ó latín tódalas obras escritas en árabe.

producen problemas de comprensión na L2. Por exemplo, na oración interrogativa *Do you mind to stay?*, non se utiliza a forma en '-ing': *Do you mind staying?*, porque se produce un sobreuso do infinitivo.

2) Categorias nulas ou baleiras: trátase de elementos que non aparecen na interlingua pero que deberían estar presentes. Os estudos sobre este tipo de categorías estanse desenvolvendo actualmente, así que todo o que se poida dicir sobre elas está suxeito a continuas modificacións, se ben o estudo máis representativo que se pode subliñar é o de Klein (1993). Esta investigadora distingue entre 'categorías inexistentes' e 'categorías borradas'. As primeiras parecen estar ausentes na interlingua do aprendiz mentres que as segundas simplemente están borradas na súa actuación.

Un exemplo das primeiras é a omisión da partícula *up* nesta oración, porque o aprendiz descoñece o seu uso en combinación co verbo *show*; desta maneira *He didn't show* utilízase no canto de *He didn't show up*. Pola súa parte, a oración *When she come?* mostra que o falante omite o auxiliar *did*, non porque descoñeza o seu uso nas estruturas interrogativas, senón porque o cansazo, o *stress* ou a ansiedade o levan a non producir este elemento.

En termos da gramática universal, as primeiras relaciónanse coa competencia lingüística e as segundas coa actuación.

3) Problema de Orwell *versus* problema de Platón: pódese establecer unha relación con estes problemas e as categorías antes mencionadas. Falantes cun gran coñecemento da L2 poden nembargantes producir categorías baleiras. O problema de Orwell maniféstase cando un aprendiz cun gran coñecemento da L2 segue producindo formas de interlingua. Un estudante que leve máis de cinco anos de estudio de francés pode producir *Je les ai écrit* en lugar do feminino plural *Je les ai écrites*, aínda que coñeza perfectamente as normas de concordancia do pasado.

O problema de Platón é o contrario, prodúcese cando un aprendiz cun escaso desenvolvemento da L2 ten un gran dominio da interlingua. Un aprendiz, ó comezo da aprendizaxe do inglés, pode producir *He is watching television* en vez de producir unha forma en presente simple que sexa agramatical na L2, cando aínda descoñece os usos do presente continuo.

Ámbolos problemas causan as dúas preguntas que aparecen no estudo de Klein (1993), que son respectivamente: "How is it possible that we know so little despite so much evidence available to us? (...) How is it possible that we know so much despite so little evidence available to us?" (1993:171).

4) Novas formas: os aprendices tenden a producir na interlingua formas que non existen na súa lingua nativa nin na L2; son polo tanto formas exclusivas da interlingua.

Un estudante galego pode producir a palabra *amichevole* cando aprende italiano como segunda lingua, en vez da italiana *simpatico*, porque está creando unha forma nova, que non existe nin no italiano nin no galego.

5) O nivel lingüístico do aprendiz caracteriza a súa interlingua. Certos problemas soamente os manifestan aprendices avanzados, mentres que outros son típicos dos principiantes.

Un exemplo do tipo *We are allowed to go to the cinema*, no que se produce unha categoría baleira: *to* –a forma na L2 sería *We are allowed to go to the cinema*– prodúcese unicamente en estudantes avanzados xa que un principiante aínda non coñece esta estrutura.

2.3 FOSILIZACIÓN

Imbuíndo toda a hipótese, érguese o concepto da fosilización, que en palabras de Selinker (1972:215) se define deste xeito:

Fossilizable linguistic phenomena are linguistic items, rules and subsystems which speakers of a particular native language will tend to keep in their interlanguage relative to a particular target language, no matter what the age of the learner or amount of explanation or instruction he receives in the target language.

Os cinco procesos mencionados anteriormente dan conta do feito de que apareza a fosilización. Constitúe sen dúbida un proceso central xa que é un mecanismo que vive na estrutura psicolóxica latente do aprendiz.

Tódolos aprendices e profesores de linguas se enfrontan á súa existencia: o cesamento da aprendizaxe da interlingua, moitas veces nun punto bastante afastado da L2. Pero, ¿é inevitable ou pódese loitar contra ela? Algúns autores defenden que é unha cuestión de tempo, outros opinan que pode superarse cunha formación axeitada. Sen embargo, ninguén posúe a fórmula idónea para frear-lo proceso patente na inmensa maioría dos aprendices. Selinker (1992), pola súa parte, propón o transvasamento do dominio de contexto como unha medida pedagóxica que remate cunha estrutura fosilizada.

Para entende-la fosilización cómpre falar da estabilización. Esta consiste no mantemento de maneira persistente dunha forma interlingüística durante un tempo, considerándoa como un paso previo á fosilización. No estudio máis completo levado a cabo recentemente por Selinker e Han (1997) sobre este aspecto distínguense tres posibilidades que explican este fenómeno. A primeira está relacionada cun estado normal de 'atascamento', característico de todo tipo de aprendizaxe pero que pode ter características especiais no caso da aprendizaxe dunha L2, que se pode observar por exemplo, nos estudos sobre a orde natural na adquisición da L2.

A segunda posibilidade relaciónase co cesamento permanente do desenvolvemento da interlingua. É posible que a estabilización a curto prazo sexa natural no proceso de aprendizaxe, mentres que a estabilización a longo

prazo acaba converténdose en fosilización. De tódolos xeitos, esta hipótese só podería afirmarse se existisen estudos lonxitudinais que a apoiasen; polo de agora é simplemente unha hipótese.

A terceira posibilidade considera a estabilización como un proceso de reestructuración da interlingua cara á norma da segunda lingua; este paso pode ser linear ou discontinuo.

As tres posibilidades atópanse nun período de experimentación. Fanse necesarios estudos lonxitudinais para estarmos seguros dos posibles cambios que se producen tanto na estabilización como na fosilización.

Polo que respecta ó estudio de Selinker e Han (1997), estes autores propoñen un nivel empírico e un nivel cognitivo como posible definición dos termos fosilización e estabilización conducente ó estudio destes problemas. O nivel empírico da fosilización inclúe as formas estabilizadas da interlingua que permanecen na fala e manifestacións escritas do aprendiz e que son impermeables ó aducto lingüístico e ós esforzos do aprendiz. O nivel cognitivo está conformado polos procesos cognitivos ou mecanismos latentes que conducen ás formas estabilizadas por longos períodos de tempo. A posible causa son múltiples factores simultáneos que o aprendiz non pode controlar porque están fóra do seu dominio.

2.4 A TRANSFERENCIA NA INTERLINGUA

Tal e como aparece na introducción, no comezo dos estudos sobre

adquisición de linguas, a L1 era o punto de referencia fundamental, que pasou a un plano secundario coa análise de erros e irrelevante coa hipótese da construción creativa. A interlingua comparte os supostos psicolóxicos da hipótese da construción creativa e o concepto de transferencia da lingua nativa da análise contrastiva, pero faino dun xeito ben diferente. Isto pódese observar claramente na definición do termo. Dentro da lingüística contrastiva, a transferencia relacionábase coas correntes conductistas e producíase cando o aprendiz cometía erros na L2; estes debíanse sempre á influencia da lingua materna. Pero a hipótese da interlingua concíbea como un proceso cognitivo relacionado con calquera coñecemento lingüístico previo que non ten por qué ser só o da lingua nativa, como explica a seguinte definición: "Transfer is the influence resulting from the similarities and differences between the target language and any other language that has been previously (and perhaps imperfectly) acquired" (Odlin, 1989:279).

Este proceso cognitivo mostra unhas características propias, que tratamos desde este momento:


a) O primeiro aspecto destacable da transferencia constitúe o seu carácter selectivo. Algunhas estruturas e procesos transfírense máis doadamente ca outros. Neste sentido, a congruencia estrutural vese como unha condición necesaria para que se dea este fenómeno.

A modo de exemplificación, unha estrutura propia do español como 'querer que + subxuntivo', tende a transferirse ó inglés como 'want that + infinitivo' porque en español non se dá a estrutura 'want somebody to do something', o que daría lugar a unha oración do tipo: *I want that you go* en vez de *I want you to go*.

b) A transferencia pode resultar un factor positivo na creación da interlingua, especialmente cando unha propiedade da lingua nativa se asemella á da lingua meta. A palabra galega 'atención' aseméllase á inglesa *attention*, polo que un aprendiz pode transferir: *Nunca me presta atención* como *He never pays attention to me*, resultando nunha oración gramatical na L2.

c) As identificacións interlingüísticas son a raíz que alimenta a transferencia. Son unha estratexia de aprendizaxe básica –xa mencionada por Weinreich (1967)– na que o aprendiz percibe como iguais na L1 e na L2 elementos que de feito non son iguais. As estratexias de aprendizaxe, a fosilización, a sobreproducción de elementos, é posible que no fondo teñan como punto de referencia a estratexia de crear identificacións interlingüísticas.

Un aprendiz galego de inglés como segunda lingua pode producir *It depends of the situation* en lugar de *It depends on the situation* porque identifica a preposición 'de' na súa lingua materna como idéntica á preposición 'of' na segunda lingua.



No cerebro humano a zona que procesa a linguaxe é máis grande no hemisferio esquerdo cá análoga no dereito.

d) Os principios organizativos abstractos que se atopan na mente do aprendiz deben terse en consideración xa que, en múltiples ocasións na lingua, como por exemplo na orde de palabras, o que se transfere son determinadas organizacións abstractas que se corresponden con combinacións existentes na mente do aprendiz.

En galego, a orde Suxeito-Verbo-Obxecto-Adverbio mostra a posibilidade de coloca-lo adverbio antes ou despois do obxecto, pero en inglés só se dá a posibilidade Obxecto-Adverbio. O aprendiz pode transferi-lo principio organizativo que lle permite combinar SVOA ou SVAO en galego, dando lugar á oración: *I like very much vegetables*, mentres que en inglés se diría *I like vegetables very much*.

e) Este proceso cognitivo non se produce illadamente, senón que se

cruza con outros procesos e impedimentos existentes na interlingua, como a fosilización, a psicotipoloxía, o principio de efectos múltiples, etc.

I am listen the radio combina o uso da transferencia de 'escoitar música' en lugar de '*listen to the music*', xa que en galego a preposición non é necesaria, co uso da forma simple '*listen*' en vez de '*listening*', porque o alumno fosilizou as estruturas de presente, sendo incapaz de produci-la forma progresiva. Neste exemplo coexisten pois a transferencia e a fosilización.

f) O efecto principal da transferencia xa fora mencionado por Corder en 1983, e consiste en que o aprendiz busca na L2 elementos e estruturas que se asemellan á súa lingua nativa co propósito de facilitarlle a aprendizaxe, tal e como aparece no exemplo do apartado c: *It depends of the situation*, onde o estudante busca no inglés a mesma estrutura do galego.

g) A chamada 'transferencia a algures' mencionada por Andersen (1983) é un punto que debe ser incluído nun estudio sobre este fenómeno. Segundo este autor, o desenvolvemento do coñecemento da L2, é dicir, os primeiros pasos na L2 e a súa traxectoria, poden ser unha fonte de transferencia. De feito, nun estudio sobre o alemán como L2 entre traballadores estranxeiros neste país deu como resultado que ó principio omitían o artigo definido e cando comezaban a utilizalo acudían ó artigo '*die*' que é a forma non marcada. A falta dos artigos do alemán na L1 fai

que estes aprendices transfiran o artigo '*zero*' á L2 usando unha estratexia de simplificación, e a medida que van aprendendo utilizan un artigo de significado xeral no que non se dá a diferenza de xénero, número e caso.

h) Nos estudos sobre a interlingua, a frecuencia é un factor que hai que considerar para sabe-lo que se transfire e o que non. Se a forma en cuestión ocorre nun considerable número de casos, iso indica que se trata dun elemento que se transfire.

i) A predicción dos efectos individuais da transferencia pode que non sexa posible. Kellerman (1983) relaciona este principio coa psicotipoloxía. Segundo este autor, a equivalencia lingüística entre a L1 e a L2 pódese ver alterada por dous aspectos:

1. A psicotipoloxía do aprendiz, é dicir, a percepción que o aprendiz ten da distancia entre as linguas.

2. A 'transferibilidade' da estrutura que el mesmo define como "the probability with which this structure will be transferred relative to other structures in the L1" (1983:117). Desta maneira a transferibilidade da estrutura depende da L1, é independente da L2 pero dáse unha interacción coa percepción que ten o aprendiz da distancia entre ámbalas linguas.

O alumno pode percibir que existe unha proximidade lingüística entre o galego e o francés, e produce o verbo 'lembrar' como '*lembrer*' cando a forma real en francés é '*souvenir*', creando a

forma *Je me lembre des vacances*, cando un falante nativo de francés diría *Je me souviens des vacances*.

j) O principio dos efectos múltiples foi proposto por Selinker e Lakshmanan (1992). Postula que cando un ou máis factores da adquisición da segunda lingua se dan ó mesmo tempo, a posibilidade de que se produza estabilización de formas da interlingua que leven a unha posible fosilización aumenta. Segundo este principio, se a transferencia se combina con outro factor pode chegar a produci-la fosilización desa estrutura. Isto desemboca no principio pedagóxico que manifesta que cando aparece o principio dos efectos múltiples non é posible o ensino da estrutura en cuestión, xa que está bloqueada.

No exemplo mencionado no apartado *e*, *I am listen the radio* ocorre este principio, xa que conviven a transferencia e a fosilización.

k) O derradeiro factor que me gustaría mencionar é un aspecto que se atopa en poucos estudos e que neste momento está a ser desenvolvido por escasos investigadores. Trátase da transferencia na adquisición múltiple de linguas, xa que polo de agora se descoñece cándo predomina a transferencia dunha interlingua a outra e cándo predomina a transferencia da L1 nun contexto de adquisición múltiple de linguas. Un aprendiz español que estudie alemán e inglés pode transferir elementos da lingua materna ó alemán ou ó inglés ás veces, e transferir outras

vezes do inglés ó alemán ou viceversa, é dicir, dunha interlingua á outra.



O conxunto das complexas conexións do cerebro humano está enlazado por un proceso dinámico de sistemas que fai millóns de cousas ó mesmo tempo. É posible que sexa de tal complexidade que nunca se chegue a entendelo de todo.

Como se pode desprender desta explicación, na interlingua a transferencia acada o seu termo medio. Ademais de ser un dos fenómenos relacionados coa fosilización, é un proceso selectivo. A congruencia estrutural é un factor que se ha observar, polo que a análise contrastiva se mostra como un bo terreo para comezar un estudio, se ben a interlingua vai máis aló desta corrente pois a transferencia non é algo mecánico senón que se compón dun número de mecanismos cognitivos. Sen esquecer que non ten por qué ser un fenómeno exclusivamente negativo, pola contra pode resultar facilitador.

Pódese destacar tamén que se considera coñecemento lingüístico pre-

vio non só a L1, tamén calquera outra lingua que o aprendiz estudiase previamente. De feito, os traballos de Kellerman e Sharwood-Smith (1986) refírense á transferencia como “influencia a través das linguas”.

3. CONCLUSIÓN

Dende as súas orixes, a hipótese da interlingua sufriu un desenvolvemento; as sucesivas revisións van modificando algúns aspectos e afianzando outros. A modo de perspectiva xeral sobre o tema, pódese subliñar que parece claro que existe un sistema lingüístico independente tanto da L1 coma da L2. A transferencia, que pasou de ser un factor esencial para se converter posteriormente nun elemento afastado do estudio lingüístico, defínese como un aspecto central, xunto coas identificacións interlingüísticas. Non se pode esquecer a presenza da fosilización, que tende a facerse selectiva dependendo do nivel lingüístico e do dominio do discurso. Por outra banda, esta hipótese constitúe un sistema permeable ás estratexias de comunicación e aprendizaxe.

Abrindo portas ó futuro, os equivalentes de tradución na transferencia, a variación, especialmente no campo da adquisición múltiple de linguas, ou os efectos múltiples na propia fosilización, piden un constante labor investigador, moi necesario por outra banda, xa que vivimos rodeados de interlingua.

4. REFERENCIAS

- Corder, S. P., *Error Analysis and Interlanguage*, Oxford, Oxford University Press, 1981.
- , “A Role for the Mother Tongue”, en Gass e Selinker, *Language Transfer in Language Learning*, Rowley, Mass., Newbury House, 1983, páxs. 281-296.
- Dulay, H., e M. Burt, “You can’t Learn without Goofing”, 1974, en J. C. Richards (ed.), *Error Analysis. Perspectives on Second Language Acquisition*, Londres e Nova York, Longman, 1984, páxs. 95-123.
- Dulay, H., M. Burt. e S. Krashen, *Language Two*, Nova York, Oxford University Press, 1982.
- Ellis, R., *The Study of Second Language Acquisition*, Gran Bretaña, Oxford University Press, 1994.
- Kellerman, E., “Now you see it, now you don’t”, en S. Gass e L. Selinker (eds.), *Language Transfer in Language Learning*, Rowley, Mass., Newbury House, 1983, páxs. 112-131.
- Kellerman, E., e M. Sharwood-Smith (eds.), *Crosslinguistic Influence in Second Language Acquisition*, Language Teaching Methodology Series, Oxford, Pergamon Press, 1986.
- Klein, E., *Toward Second Language Acquisition: a Study of Null-prep*,

- Dordrecht: Kluwer Academic Publishers, 1993.
- Nemser, W., "Approximative Systems of Foreign Language Learners", *IRAL* 9, 1971, 115-23.
- Odlin, T., *Language Transfer in Interlanguage*, Cambridge, Cambridge University Press, 1989.
- Selinker, L., "Interlanguage", *IRAL* 10/3, 1972, 209-31.
- *Rediscovering Interlanguage*, Londres, Longman, 1992.
- Selinker, L., e U. Lakshmanan, "Language Transfer and Fossilization: the Multiple Effects Principle", en S. Gass e L. Selinker, *Language Transfer in Language Learning*, John Benjamins, 1992, páxs. 201-220.
- Selinker, L., e Z. Han, "Fossilization. Moving the Concept into Empirical Longitudinal Study", Londres: Birbeck College. Páxina de Web www.bbk.ac.uk. 1997.
- Weinreich, U., *Languages in Contact: Findings and Problems*, The Hague, Mouton, 1967.

